



Resolución do 28 de decembro de 2016 da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica pola que se selecciona a entidade colaboradora para a xestión da axuda económica ás familias a través da Tarxeta Benvida

FEITOS

1. Mediante Resolución do 16 de decembro de 2016, a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica convocou un procedemento de concorrência para a selección de entidade colaboradora para a xestión da axuda económica, a través da tarxeta benvida, ás familias que no ano 2017 teñan, tanto por natureza como por adopción, un fillo ou unha filla ou estean en situación de garda con fins adoptivos dun neno ou nena menor dun ano.

No dito procedemento podían participar as entidades bancarias con plena capacidade de obrar que cumpriran os seguintes requisitos:

- Ter oficinas comerciais abertas, cando menos, nos concellos de máis de 20.000 habitantes das catro provincias galegas.
- Que tivera relación de colaboración na xestión financeira da Xunta de Galicia nos últimos dous anos.

2. O anuncio deste procedemento publicouse na páxina web da Consellería de Política Social <http://benestar.xunta.es/> o 16 de decembro de 2016.

3. Segundo a citada Resolución, o prazo de presentación de solicitudes era de oito días naturais, polo que comezou o 17 de decembro e finalizou o 26 do mesmo mes.

4. Presentouse unha única solicitude de participación, dentro do prazo establecido, por parte de Abanca Corporación Bancaria, S.A., tal como consta na certificación emitida polo Rexistro Xeral e Información á Cidadanía do complexo administrativo de San Caetano.

5. Unha vez examinada a documentación presentada pola dita entidade emitíuse un informe técnico de valoración da súa proposta, que de acordo aos criterios establecidos no apartado sétimo da Resolución de convocatoria acadou un total de 75 puntos sobre o total de 100 previstos neste apartado.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. A directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica é competente para resolver este procedemento, por delegación do conselleiro de Política Social, en virtude do disposto na Orde do 3 de marzo de 2016 sobre delegación de competencias nos órganos de dirección e nos/nas xefes/as das Xefaturas Territoriais da Consellería de Política Social.



2. O artigo 13.4 da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia dispón que cando as entidades colaboradoras sexan persoas suxeitas a dereito privado, seleccionaranse previamente mediante un procedemento sometido aos principios de publicidade, concorrência, igualdade e non discriminación e a colaboración formalizárase mediante convenio, salvo que polo obxecto da colaboración resulte de aplicación plena o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño.

Tendo en conta que o obxecto desta colaboración non supón, a cargo da Administración, unha contraprestación directa a favor da entidade colaboradora, subscribírase o oportuno convenio de colaboración coa Consellería de Política Social.

En base ao anterior,

RESOLVO:

1. Seleccionar como entidade colaboradora para a xestión da axuda económica ás familias a través da tarxeta benvinda á entidade Abanca Corporación Bancaria, S.A.
2. A formalización desta colaboración efectuarase mediante a sinatura do correspondente convenio de colaboración.
3. Ordenar a publicación desta Resolución na páxina web da Consellería de Política Social <http://benestar.xunta.es/>.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, cabe interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes, de conformidade co disposto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou ben directamente formular recurso contencioso-administrativo ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, de conformidade cos artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, contados ambos os dous prazos a partir do día seguinte ao da recepción da súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro recurso que estimen pertinente.

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2016

A directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

María Amparo González Méndez

